

18. LIGA 2ª DIVISIÓN INFANTIL FEMININA

18.1. CAMPIONATO DE 2ª DIVISIÓN INFANTIL FEMININA

Esta competición estará formada polos equipos inscritos ao comezo da tempada.

A organización da competición será comunicada unha vez que se distribúan os grupos que conformarán a citada liga.

18.2. DATA DE INSCRICIÓN E EQUIPOS PARTICIPANTES

Data tope de inscrición: 9 de outubro as 18.00 horas.

Poderán participar os equipos de categoría infantil feminina que se inscriban especificamente no campionato de 2ª División Infantil Feminino nos prazos previstos nestas bases de competición.

18.3. XOGADORAS

A data límite para dar de alta xogadoras nesta categoría será o 28 de febreiro do 2020. Nesta competición permitírase un máximo de 15 xogadoras que poderán ter licenza por un equipo, se ben só se poderán aliñar un máximo de 12 xogadoras por partido.

Excepcionalmente na Fase de Ascenso permitírase que como máximo tres xogadoras pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñadas.

18.4. ARBITRAXES

As arbitaxes serán autonómicas.

18.5. FORMA DE XOGO

Liga Regular

Os equipos inscritos dividiranse en grupos dun máximo de 12 equipos a ser posible, distribuídos por proximidade xeográfica. A distribución, composición e número de integrantes dos grupos efectuaráa o Comité de Actividades da FGB.

Nestes grupos xogarase unha liga a dobre volta todos contra todos (22 xornadas máximo).

Datas de Xogo

Outubro: 13, 20, 27
Novembro: 3, 10, 17, 24
Decembro: 1, 15, 22

Febreiro: 2, 9, 16, 23
Marzo: 1, 8, 15, 22, 29
Abril: 5, 19, 26

Xaneiro: 12, 19, 26

Nesta competición poderá facerse un grupo de 3ª división con aqueles equipos que así o desexen, sempre que haxa un mínimo de 8 equipos. Os xogadores que disputen esta 3ª división e os seus clubs teñan equipos na 2ª permitirase que como máximo tres xogadores do equipo de 3ª poidan aliñarse na 2ª división.

Fase de Ascenso:

Clasificaranse para a Fase de Ascenso os primeiros clasificados de cada un dos grupos (ata un máximo de 8 equipos) e distribuiranse de novo por proximidade xeográfica en grupos de 4 equipos máximo, que xogarán unha liga a dobre volta (6 xornadas). Esta fase tamén poderá xogarse por sistema de *play-off*, a criterio do Comité de Actividades da FGB.

A continuación disputarase unha eliminatoria entre o primeiro clasificado de cada un dos grupos para designar o campión desta división, podendo ser a partido único na sé designada pola Federación Galega de Baloncesto ou a ida e volta nunha fin de semana (a criterio do Comité de Actividades) xogándose o segundo encontro na casa do equipo con mellor clasificación segundo o seguinte criterio:

- 1º.- Con máis puntos na clasificación xeral.
- 2º.- Con máis encontros gañados.
- 3º.- Con mellor basquetaveraxe.

O equipo campión da fase de ascenso ascenderá á Liga de 1ª División Cadete Feminina na tempada 2018-19. No caso de que o equipo campión preferise xogar na 1ª División Infantil deberá comunicalo por escrito antes do remate da tempada (30 de xuño).

Datas de Xogo

Maio: 3, 10, 17, 24, 31

Xuño: 7

Final: 13-14 de xuño.

Para a clasificación final terase en conta o seguinte:

- 1º.- Con máis puntos na clasificación xeral.
- 2º.- Con máis encontros gañados.
- 3º.- Con mellor basquetaveraxe.

Copa Primavera

Os equipos que non se clasifiquen para a Fase de Ascenso poderán disputar a Copa Primavera, que ao efecto poderá organizar a FGB, sendo esta competición de carácter zonal e co formato que se estipule polo Comité de Actividades en base ás solicitudes para disputala.

18.6. BALÓN OFICIAL DE XOGO

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

18.7. HORARIOS

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábado: 10.00, 12.00 16.00, 18.00 e 20.00 horas e domingos: 10.00 e 12.00 horas e 17.00 h. e 19:00 h.

Sábados: 10.00, 12.00 16.00, 18.00 ou 20.00 horas e domingos: 10.00, 12.00, 17.00 e 19:00 h.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a conformidade do equipo contrario.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo as 10.00 h, ou o domingo ás 19.00 horas, e o equipo visitante así o requira, terá que fixarse como horario de xogo ás 12.00 h ou as 16.00 h, 18.00 h ou 20.00 horas se é sábado e as 12.00 ou as 17.00 horas se o encontro se disputa en domingo, sempre que o equipo que se despraza o faga dende máis de 100 km de distancia, previa solicitude por escrito con, polo menos, 7 días de antelación.

Os horarios dos encontros de cada xornada deberán remitirse vía correo electrónico á FGB o martes anterior ao encontro. De non facelo será potestade da FGB marcar o horario e o campo de xogo, sendo responsabilidade do equipo local ter o terreo de xogo libre. Así mesmo, o Comité de Actividades enviará os mércores a todos os participantes os horarios correspondentes a cada xornada. A FGB poderá autorizar como día de xogo os luns, martes, mércores, xoves e venres entre as 20.30 e as 21.15 h., salvo que o equipo que se desprace o faga dende máis de 25 km de distancia. Puntualmente calquera outro horario incluído calquera día da semana poderá ser autorizado pola FGB sempre que os equipos estean de acordo.

18.8. DATAS DE SORTEOS

Liga Regular: 14 de outubro, ás 19.15 h, na sé que designe a FGB.

Fase ascenso: 27 de abril, ás 19.15 h, na sé central da FGB.

18.9. TERREOS DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial. Este terreo de xogo no que disputará os encontros deberá estar catalogado como mínimo como NIVEL II

dentro da Normativa de Terreos de Xogo.

Nos encontros en que participen equipos que realicen desprazamentos e no caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente, e por falta de previsión do equipo local, tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este, sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

• **COMUNICACIÓN DE RESULTADOS**

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso.